



APOIA O COMERCIO LOCAL MERCA PRODUTOS GALEGOS

O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO considera o **comercio de proximidade un sector básico da economía nacional**. Nestes momentos este sector está ameazado de peche definitivo. As políticas económicas e fiscais regresivas do PP provocan unha grave crise na demanda, ao que hai que acrecentar as medidas de liberalización comercial que se aproban en Madrid e que o Goberno de Feijoo asume e aplica. Esta situación levou a un grave desequilibrio no sector comercial, con saturación na oferta pola acelerada expansión de grandes superficies. Ninguén dubida de que estas poñen contra as cordas e ameazan a supervivencia do comercio local.

O comercio urbano de proximidade ten un importante papel como dinamizador dos centros das nosas vilas e cidades, é sustentábel e significa unha aposta de futuro pola calidade, a innovación e a especialización. Ademais diso, os ingresos que xera son reinvestidos na economía local.

Para defender o comercio local, o BNG aposta por:

- ★ Unha moratoria para a implantación de grandes superficies comerciais.
- ★ Un plano sectorial de equipamentos comerciais.
- ★ Incentivar a compra de produtos locais e galegos, con promoción da súa etiquetaxe en lingua galega.
- ★ Promover a produción alternativa e ecolóxica.
- ★ Recuperar os mercados municipais e as zonas comerciais tradicionais.
- ★ Aplicar planos coordinados de promoción do turismo e do comercio urbano de proximidade.
- ★ Promover axudas para implantar ou mellorar establecementos específicos que comercialicen produtos autóctonos.
- ★ Regular os horarios comerciais a prol da normalidade de xornadas laborais, tanto de empregados/as como dos/as comerciantes e negocios familiares.
- ★ Estabelecer liñas de créditos prioritarias para o comercio de proximidade.

